RAIGAME

ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

17 de Maio de 2016

Dep. Legal: Ou 75-2008 Núm. XII

XV ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME HOMENAXE AOS SEGADORES GALEGOS

A XV edición da Romaría Etnográfica Raigame homenaxea neste ano 2016 aos segadores galegos que viaxaban a Castela para faceren a seitura. Antes da mecanización do campo, todos os traballos agrícolas facíanse a base do esforzo humán e nos momentos de máximo traballo, nas grandes extensións casteláns, era preciso contratar xornaleiros para recoller as colleitas. Moitos foron os galegos que nos meses de xuño, xullo e agosto deixaban as súas casas para gañar uns cartos que complementaban a economía familiar. Esta é a pequena homenaxe que lles realiza a Romaría Etnográfica Raigame.

Exposicións de ferramenta e maquinaria, fotografías, pases de documentais e como novidade, a celebración dun pequeno simposio con conferencias e un coloquio para afondar no tema. Este será o motivo central desta edición da Romaría Raigame, que, como nos anos precedentes tamén contará coa participación de grupos de música e baile tradicionais, postos de artesanía traballando *in situ*, compañías de teatro, gastronomía, ademais dos atractivos propios de Vilanova: a Torre, a Adega do S. Vivián, o Santuario do Cristal, os Danzantes, etc.

A programación complétase co concurso de fotografía, que cada ano ten máis participantes e a entrega do Premio "Adolfo Enríquez", que nesta ocasión recae na persoa de Clodio González, membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, investigador da etnografía galega e sempre disposto a colaborar en todo o que se lle solicite. Este ano o peche da festa terá lugar no Campo da Escola con actuacións musicais como a da Banda de Vilanova, que ofrecerá un pequeno concerto ás seis da tarde, para dar pasos a outros grupos de música tradicional.

SUMARIO

CONTIDOS

- Os segadores de Valdeorras
- Segadores en Bercial de Zapardiel, Ávila
- A festa do ciclo do pan de Queiroás-Allariz

ACTIVIDADES

- Iº Simposio Raigame: Os segadores en Castela
- Documentais e exposicións etnográficas

VILANOVA

- 100 anos do topónimo oficial Vilanova
- As outras *Villanuevas de los Infantes*

ACTIVIDADES

- Artesáns, animacións, teatro, exhibicións...
- Concurso fotografía 2016

PECHE

- II premio honorífico "Adolfo Enríquez": Clodio González, etnógrafo do Ribeiro

Contactos en :
www.romariaraigame.es

Fotografía de X. Luis Nogueira, segadores de Valdeorras segando en Castela

A SEITURA E OS SEITUREIROS: HOMENAXE DE RAIGAME AOS SEGADORES GALEGOS DO S. XX

A Romaría Etnográfica Raigame toma como motivo central desta XV edición o oficio de seitureiro, rendindo homenaxe a todos aqueles paisanos que no século XX deixaban a súa terra nos abrasadores meses de xuño, xullo e agosto para ir segar ás dúas Castelas, á Rioxa, a Aragón, a Estremadura e incluso a Andalucía, gañando deste xeito un xornal que dificilmente poderían obter aquí. Coa intención de profundizar no tema, de dar a coñecer a vida destes esforzados traballadores e o seu duro traballo, a Organización deseñou unha serie de actividades dentro da programación da Romaría Raigame desde ano 2016.

Unha exposición con ferramentas e maquinaria empregada no traballo da seitura (fouces, dedís, mallos, limpadoras, trilladoras e outros moitos elementos utilizados nos traballos de sega e posterior procesado para obter o gran). Estará aberta ao público dende as once da mañá.

Un local a carón da Torre será o escenario da proxección ininterrrumpida dunha serie de documentais relacionados cos segadores, entre eles o realizado en 2001 por Xulio Nogueira con motivo da volta de segadores valdeorreses a terras de Ávila, concretamente a Bercial de Zapardiel, para participar na homenaxe que este concello castelán lles dispensou. O traballo explica, a través de entrevistas con antigos segadores, como era a vida dos temporeiros que saían nos meses de verán para traballar en Castela. Tamén se pasará outro relacionado coa festa do ciclo do pan que cada ano se realiza en Queiroás, Allariz. Nel nárrase o proceso de elaboración do pan mediante as técnicas tradicionais: a sementeira, a seitura, a malla, a moenda e a cocida no forno. Unha exposición fotográfica relacionada con esta festa, mostrará imaxes de distintas edicións. Por último, a Sociedade Filatélica "Miño" realizará unha mostra de selos editados con relación aos segadores.

O antigo Centro Comarcal albergará ás once e media un simposio que leva o título de *Os segadores, temporeiros en Castela*. Nel participarán Antonio Blanco, un dos promotores da *Festa do Ciclo do Pan* en Allariz; Antonio Castro Voces, autor do libro *Segadores en Castela; escravos de sol a sol*, e Bruno Coca, que foi alcalde da localidade de Bercial de Zapardiel, Ávila, lugar onde foron numerosos valdeorreses a traballar na seitura e que en 2001 lles organizou unha homenaxe; tamén participarán membros de antigas cuadrillas de segadores, abrindo un pequeno coloquio no que narrarán as súas experiencias.

Como complemento final, no Mosteiro de Celanova pódese visitar a exposición *Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos*, creada en 2002 polo Consello da Cultura Galega (Sección de Antropoloxía Cultural) e o Museo Etnolóxico de Ribadavia e que contou coa colaboración da Colección Etnográfica de Caja España de Zamora. Esta exposición é unha síntese visual do fenómeno migratorio temporeiro que converteu Galiza en exportadora de man de obra agrícola nos séculos XIX e XX. Estruturada e cinco seccións, a exposición é unha reflexión sobre a situación histórico-social do campesiñado galego a través de textos literarios de Rosalia de Castro, Lamas Carvajal e documentos oficiais, testemuñas de protagonistas, antigas fotografías, diferentes apeiros e reproducións arquitectónicas e de vehículos. Con todos estes elementos nárrase a historia, vivenzas e desventuras dos segadores galegos nas abrasadoras temporadas de seitura en Castela.

Para desprazarse de Celanova a Vilanova existe a opción de tomar un autobús que terá a saída dende a Praza Maior de Celanova até Vilanova, cos seguinte horarios e percorridos:

Mañá:
- 11.00: Celanova - Vilanova
- 12.00: Vilanova - Celanova
- 13.00: Celanova - Vilanova
- 14.00: Vilanova - Celanova

Tarde:
- 16.30: Celanova - Vilanova
- 17.30: Vilanova - Celanova
- 18.30: Celanova - Vilanova
- 19.30: Vilanova - Celanova

Cuadrilla de segadores descansando. Foto do libro Segadores en Castela, de A. C. Voces

O OFICIO DE SEGADOR

Antonio Castro Voces

Mediados do século XX. Finais da década dos 50 e primeiros dos 60, a sociedade rural galega experimentou un conxunto de profundas e rápidas transformacións, que en poucos anos haberán de trastornar a súa fisionomía secular. A apertura das portas da emigración a Europa, o éxodo urbano, son factores que xunto con outro de alcance máis global -a evolución da agricultura e gandería no ámbito europeo e internacional en xeral- catalizan un vertixinoso proceso de cambio que termina por converter en lembranza pequenas profesións e traballos campesiños, que ata o momento tiñan formado parte da paisaxe humana do rural galego. Un destes traballos ou profesións campesiñas será, entre outros, o dos segadores -un tipo de traballadores ou xornaleiros ambulantes ou temporeiros- que supoñían unha forma de emigración estacional organizada en grupos.

Dentro dunha organización familiar normal ¿quen eran os potenciais candidatos a exercer como xornaleiros temporeiros nas segas casteláns? Nas casas de varios homes, os herdeiros; dependendo do sistema de reparto da herdanza paterna. Así temos aqueles herdeiros que permanecen integrados nas súas familias de orixe -cos seus pais-, que non chegan a beneficiarse do sistema de melloramento e que pronto se darán conta, de que a escaseza das terras recibidas da súa herdanza imposibilítalles vivir exclusivamente da mesma, tendo que buscar alternativas que complementen o que perciban das mesmas: un oficio, ir ó xornal para outros ou outra alternativa; xunto a estes estaban aqueles outros herdeiros con propiedade proveniente dun reparto igualitario da herdanza paterna -partillas-.

Outro elemento explicativo a nivel estrutural, é o da excedencia de man de obra doméstica, sexa cal sexa o sistema de reparto da herdanza. Poder ir ás segas, pasa pola posibilidade da casa de poder prescindir durante case todo o verán -cando máis traballo hai- dunha parte importante desa forza de traballo, e é que a emigración estacional supón unha captación importante de recursos, pero implica unha perda ou renuncia a unha importante man de obra para a casa. Isto só é posible naquelas casas nas que a necesidade de man de obra é inferior ás esixencias que demanda unha economía de tipo campesiño, é dicir, naqueles casos nos que os traballos da casa poden ser realizados polos que quedan. Só así poden marchar algúns membros a Castela. No caso contrario, a casa veríase obrigada ou na necesidade de ter que contratar xornaleiros, ó non poder facer fronte ós traballos por si soa. De ser así, o ir a Castela máis que unha vantaxe sería un inconveniente.

A razón fundamental para explicar o fenómeno de ir a Castela hai que buscalo, en boa parte, en clave de estrutura, pois as segas foron unha válvula de escape ás contradicións do propio sistema campesiño derivado dunha lóxica hereditaria -por outra parte necesaria- e dun desequilibrio entre recursos e brazos para traballa-la terra.

Así as cousas, cun alto índice de poboación, cuns recursos económicos escasos, mal repartidos e dominados por uns poucos, coa fame e a miseria campando polos nosos pobos, as posibilidades de emigrar ó exterior totalmente pechadas, o porvir do pequeno agricultor galego non era nada esperanzador. Día a día, malamente ía vivindo pero sempre coa esperanza de poder mellorar. As posibilidades e oportunidades eran escasas pero había que aproveitalas; unha delas, ir como traballador temporeiro –emigración tipo andoriña- a terras de Castela, a segar o pan que os castelás, por si sos, non eran capaces de segar.

Grupo de segadores valdeorreses chegando a Bercial de Zapardiel. Foto do libro Segadores en Castela, de A. C. Voces

Estes segadores galegos acudían a Castela na procura dun complemento para a súa escasa economía familiar. Así, nas primeiras décadas do século pasado -XX-, un segador obtiña entre 1.000-1.100 pts., por temporada; un atador entre 400-600 pts; e un maioral entre 1.500-2.000 pts. Con mellor ou peor fortuna, o segador galego obtiña uns rendementos monetarios que lles permitían mellorar a súa economía persoal e familiar.

Este tipo de migracións a Castela, non o eran tanto porque as terras casteláns carecesen de poboación para desenvolver as tarefas das segas senón, para facer a labor da sega no menor tempo posible. Chegado ese momento da recolleita tódolos brazos eran poucos. O sufrido labrego vivía continuamente mirando ó ceo coa esperanza de que non chegase un mal pedrazo, que tirase por terra todo o traballo dun ano e as ilusións dunha vida. A solución era buscar segadores eficientes e responsables para ese traballo, e por elo valorábase moito a aqueles que o facían rápido e ben. O traballo había que facelo con prontitude. Patróns e xornaleiros púñanse de acordo con rapidez e xurdía un contrato cun obxectivo principal: a execución, canto antes, daquel compromiso de segar as terras e, por tanto, poñer a bo recaudo a colleita do ano.

O fenómeno da migración dos segadores é un eficaz exemplo de "Asignación de Recursos Eficientes", é dicir, aproveitar convenientemente aquilo que abunda nun sitio, levándollo onde fai falta ou hai escaseza; neste caso, a man de obra. Estamos ante un mercado do traballo, ante o uso racional e eficiente da man de obra; unha forma intelixente de aproveitar a man de obra.

O traballo era duro, moi duro, tanto para uns como para outros. A comida, a habitual en terra de secaño, en terras de Castela; comida que ós galegos lles parecía mala. Era o que había, tanto para uns coma para outros. ¿Había realmente explotación do galego? Seguramente non, porque o traballo era para todos. Ben é verdade que eles –os casteláns- estaban máis afeitos ó sol e ó calor e, polo tanto, levaban mellor aquela vida tan dura.

En resume, podemos dicir que os segadores galegos formaban parte dun colectivo de inmigración estacional, tipo andoriña, de duración variable -máis ben curta- a terras próximas ou afastadas que eran claramente excedentarias na produción de cereal. Este tipo de migracións, cumpría a misión de surtir de man de obra esas zonas. Cubertas as necesidades fundamentais, adquirir un pequeno salario supoñía unha importante inxección económica, pois ó longo do ano non había outros ingresos metálicos. E, a pesar da calor e a seca castelá, a pesar da dificultade que aquilo supoñía, aqueles sufridos segadores, acostumados como estaban, a ver paisaxes cheos de verdor e frescura, de súpeto, víanse abandonados nesta superficie, sen horizontes, todo o día curvados sobre a fouce e o trigo; situación que non lles resultaba nada agradable. Era o seu traballo, a súa achega a cambio duns cartos que lles axudasen a mellor vivir o resto do ano.

Cuadrilla de segadores traballando nos campos de Catela. Foto do libro Segadores en Castela, de A. C. Voces

OS SEGADORES DE VALDEORRAS

Antonio Castro Voces

A comarca de Valdeorras, na primeira metade do XX, como o resto do país, a pesar de non vivir in situ os desgraciados feitos bélicos da Guerra Civil, sufriu nas súas propias carnes as duras consecuencias da mesma. Terminada a contenda nacional, recuperada, de maneira aparente, a normalidade cotiá, podemos apuntar que a economía valdeorresa xiraba, fundamentalmente, en torno á produción agrícola e gandeira, unha industria incipiente e unha minería de futuro prometedor. O sufrido pai de familia valdeorrés non vive máis que dunhas pequenas parcelas de terreo; dalgún que outro bacelo de viña; algún lameiro de secaño co que mantén algunha cabeza de gando -cabras e ovellas-; varios pés de castiñeiros ben coidados; unhas galiñas e os coellos do curral; e a matanza do mes de Nadal, verdadeira despensa familiar que abastece a toda a casa daquilo que aporta a carne de porco tanto en fresco, embutido ou salgado, e algún que outro xornal gañado fóra de casa.

Valdeorras vive un período de certa expansión pois, se ben o século XX se saldou cunha perda de 7.000 habitantes, o certo é que os anos centrais do século, 40-50-60, son de clara expansión e crecemento ata o punto que no 1.940 alcanza o seu máximo censo con 42.612 habitantes, cifra que se mantén máis ou menos estable no 1.950 con 40.367 habitantes, para iniciar unha caída que a levará ata os preocupantes 28.700 habitantes do 1.998.

Aumento da poboación, man de obra excedentaria na zona rural, minifundismo agrario que impide o despegue do sector, recursos mineiros e industriais en alza pero que aínda supoñen pouco no computo total comarcal, saída a Europa pechada e sen vías de solución e consecuencias negativas tras un período de duro axuste económico de post-guerra; isto levará ós nosos campesiños -e ós sectores máis desfavorecidos- a buscar unha vía alternativa para ir sobrevivindo. Unha desas alternativas era ir ás segas a Castela.

Parece ser que os segadores valdeorreses ían fundamentalmente a terras de Castela, A Rioxa, Astorga e a zona do Bolo. Principalmente ían homes e rapaces, aínda que tamén foi importante o número de mulleres. Aqueles, ían de segadores; os rapaces, de atadores -rabiceiros e olleros-; e as mulleres, de atadoras e espigadoras -en Castela-, e segadoras e atadoras -en Astorga e O Bolo-.

As viaxes dende Valdeorras a terras castelás facíanse de diferente forma segundo a época: antes do 1.883 e da chegada do ferrocarril, ían a pé seguindo o camiño do val do Sil ata chegar ó Bierzo onde enlazaba co Camiño Francés que desde Roncesvalles traía e levaba ós peregrinos xacobeos a Santiago de Compostela. Coa chegada do ferrocarril, foi o tren o principal medio de transporte e así as estacións de A Rúa, O Barco, Quereño e Covas convertíanse en punto de referencia dende onde embarcaban aqueles abnegados homes, fouce en ristre e dedís a punto, para segar os campos da estepa castelá.

A maioría pagaba o seu billete e viaxaba como Deus manda, polo legal. Pero sempre había algún atrevido aventureiro que desafiando o perigo viaxaba de polisón nos estribos, carboeiras ou no teito dos vagóns. Calquera sitio era bo con tal de non pagar billete. Tamén se utilizaban outros medios de transporte como aluguer de camións ou de autocares -Empresa



Rutas e destinos dos seitureiros valdeorreses, lucences e ourensáns



O "rapaz" ou "atador" atando un mollo. Foto do libro Segadores en Castela, de A. C. Voces

Núñez- de O Real que os levaba ata o seu lugar de destino e os volvía a buscar ó rematar a tempada. A saída, coincidía cos primeiros días de xuño e a volta cos últimos de xullo. A tempada duraba entre 40 ou 50 días, dende o 10-15 de xuño ata principios de agosto. A equipaxe da viaxe, o mínimo: nunha maleta ou saco grande: 2 ou 3 fouces, roupa de vestir, algunha comida e como elemento identificativo *las hoces, los dediles y la piedra de afilar*. Algunhas veces, levaban un salvo-conduto.

A marcha facíase de forma agrupada. En cuadrillas de 3, 5, 7 ou 9 membros. Raras veces ían por libre. Case sempre organizados, en grupos compactos e estruturados xerarquicamente. Eran grupos onde cada un desempeñaba unha misión concreta. Ó chegar ós pobos de destino, o primeiro que se segaban eran as rebuxainas -algarrobas, iedros, avesas, tilos, chícharos, lentellas e garavanzos, etc.-, despois a cebada, o trigo, a avea e o centeo. Unha vez segado o pan, levábase á aira onde se trillaba e se gardaba o grao.

Ó fronte da cuadrilla, o maioral, que era o xefe do grupo, o que mandaba, contrataba o traballo, organizaba a xornada, cobraba ó patrón e pagaba ós segadores. Era a primeira fouce, abría o traballo, marcaba os ritmos e as pautas. Despois ían os segadores, propiamente ditos. Eran os encargados de segar e agrupábanse en 2º, 3º, 4º ou 5º fouce segundo fose a cuadrilla. Tamén existía a figura do media fouce, personaxe que segaba e ataba. Ó final do escalafón xerárquico estaban os rapaces ou atadores. Eran os que ían pola comida e a bebida e ataban o segado. Había rabiceiro -segaba e ataba- e o ollero, ía pola comida e obedecía as ordes do maioral. Ían provistos duns manguitos de coiro para protexer os brazos e un pau ou un corno para xuntar e atar o pan. Utilizaban o biorto e a lía para facer os mollos. Para atar tamén ían mulleres.

As comidas foron protagonista principal na vida cotiá en terras castelás. Traballo duro, horarios tolos, climatoloxía adversa, facían que a alimentación, o menú diario, adquirira unha importancia grande, pois era o soporte básico e determinante da súa capacidade de resistencia e bo estado de saúde. A comida, en xeral, era a mantidas, todo -comer, beber e durmir- por conta do patrón. No menú-tipo dominaba as sopas de allo, garavanzos cocidos, un cacho de touciño, escabeche de sardiñas, ensalada de leituga, unha regoxa de pan. De beber, auga e algunhas veces –poucas- viño.

Traballo de sol a sol, sen apenas descanso. Pero se dura foi a vida para estes esforzados da fouce e os dedís, non lles foi á zaga a vida das súas mulleres que durante 2 ou 3 meses tiñan que quedar ó fronte da casa, con algún pequeno no colo, quizás cos pais xa maiores, ós que había que coidar; coas terras e as viñas que había que traballar para sacar a casa adiante. De pouco valerían aqueles cartiños que ían gañar os maridos se elas non facían o de casa e non atendían as hortas, as terras de labor, as viñas; pois á súa produción, pouca ou moita, serviría de complemento á economía familiar.

É certo que elas quedaban na casa, nun ambiente máis acolledor e ó amparo de todo unha veciñanza, que lles axudaría en caso de necesidade, pero o traballo tamén era duro e a separación traumática, en tanto eles non volvían a casa, difícil de superar. Vaia para elas tamén o noso recoñecemento.

HOMENAXE AOS SEGADORES GALEGOS DE VALDEORRAS NA COMARCA DE MORAÑA (ÁVILA)

O texto que a continuación reproducimos, corresponde co discurso de benvida que Bruno Coca Arenas, en 2001 alcalde de Bercial de Zapardiel, Ávila, pronunciou no acto de homenaxe aos segadores de Valdeorras celebrado o 14 de xullo de 2001 con motivo da visita realizada por estes para rememorar as tempadas de seitura que botaban na comarca de Moraña.

Dende hai varios séculos xentes de distintas zonas españolas chegaban até as chairas castelás para facer a sega. Xentes das montañas que ao sur, os nosos ollos ven nos días claros: galegos, leoneses, cántabros... Deixaban terras e familias para gañar uns cartos que permitirían manter as súas familias ao longo do ano. Como as primeiras andoriñas chegaban os maiorais; días despois, a súa chegada aos pobos de Castela significaba un acontecemento social e o auténtico inicio do verán. Con frecuencia, as relacións laborais entre segadores e pequenos campesiños terminaba converténdose en afecto e apego a esta terra, basicamente porque ambos grupos pertencían ao mesmo bloque social: o de campesiños e xornaleiros que traballaban coas súas mans a dura terra.

Hoxe rememoramos a estampa perdida de aqueles segadores galegos e casteláns que coa luz das estrelas ían en cuadrillas ao tallo polos sendeiros e vereas. A xornada que lles esperaba era longa: verían a saída e a posta do sol, duro e forte era o traballo. Segaban suco tras suco, sempre abría o corte o maioral e tras el a segunda, a terceira... fouce, con paso firme, sen descanso, sen darse respiro, salvo o trago de auga quente dun porrón. Seguíanlles os rapaces, áxiles e espertos que facían gavelas e feixes en perfecta sintonía, para non deixar rastrollo e sempre coa mirada fixa no maioral por se lles rifaba.

O cereal, non poucas veces duro de cortar, facía que na súa faciana se reflectira o esforzo. De cando en vez secaban a suor da fronte con panos que un día foran brancos. Sobre calquera montón de gabelas, estoicamente daban conta do xantar mentres, en ocasións, ademais dunha chicharra, ouvíase cantar ao lonxe un home guiando unha xugada de bois facendo que o eco da súa voz retumbara no tranquilo horizonte daquelas quentes e despexadas mañás.

No chan, como mesa ampla e resistente, comían a medio día a pota de garavanzos, a sopa, o touciño, o recheo... e descansaban a sesta desexada, acolléndose unha cabana feita de feixes, que lles cubría a cabeza deixando o resto do corpo descuberto, exposto ao sol esfolador do medio día. Retomado o traballo, baixo o tórrido calor que sen compaixón se cravaba nos seus corpos, o po que as fouces levantaban ao cortar a palla manchaba as súas caras de negro intenso. Chegaba así a noite.

A xornada fora longa, pero o corte que se tiña sacado perfilábase no horizonte co pan que quedaba por segar ao día seguinte.

Os rapaces, prestos e ansiosos por regresar ao pobo, botaban ao burro toda a carga: as olas da auga, as fouces, as potas da comida. Polos camiños de regreso a casa, xuntábanse con outras cuadrillas, unhas silenciosas, outras cantareiras, as máis falando en voz baixa o traballo que lles quedaba por facer ao día seguinte e os sucos que aínda terían que segar e atar os seus desfeitos corpos, até a chegada ao día ansiado da malla, é dicir, do retorno á súa querida Galiza.

Preparada pola ama, a cea esperaba para ser comida. En prato fondo, con culler sopeiro, daban boa conta das lentellas, fabas ou as sobras da pota do mediodía. Todos se sentaban entorno a unha grande mesa, segadores e mozos de servizo, nun portal amplo, fresco e acolledor. Ao remate ían a modiño e en silencio a descansar sobre as sacas de palla que lle esperaban na soidade dunha palleira, dun sobrado ou dun forno.

Hoxe e aquí queremos conxugar e cinguir, amigos galegos, os vosos campos de herba fresca con este marco incomparable no que nos atopamos. Entre eiras con pan, paisaxe castelán amplo e sobrio, roto tan só

Bercial de Zapardiel, Ávila

Cuadrilla de segadores en Bercial de Zaperdiel, Ávila. Ca. 1920

polas liñas que marcan o trazado parcelario desta terra que nos rodea. Esta inmensidade de campos, secos e ásperos, delimitados tan só por unha liña no horizonte que establece a estreita relación entre o home e a terra, entre casteláns e galegos.

Aquí, nestas chairas sempre sedentas e ardentes chans, curtíronse co traballo ao aire e ao sol sacrificados homes galegos e tamén campesiños e xornaleiros casteláns.

Hoxe vosas mans, amigos galegos, están ociosas, gozando dun descanso merecido. As mesmas mans anchas, rudas e nervudas que, prontas á chamada do campesiño castelán, traballaron durante séculos estes campos sen ningunha protección. Mans nas que aínda hoxe as propias arterias, xa vellas e desgastadas, mostran o esforzo realizado.

Para a miña xeración, este é un día de emoción contida, un día para facer realidade o retorno ao pasado que vivimos de nenos e que sempre tivemos na nebulosa do recordo máis entrañábel. Nós vimos desaparecer o arado romano, pedra angular da nosa agricultura de secaño, apeiro arcaico co que se estivo labrando a terra dende tempo inmemorial. Vimos tamén como se introducían as máquinas: tractor, chicharras, malladoras, atadoras, limpadoras, etc.

Tamén vimos desaparecer a mula que non podía presentir, polo seu carácter irracional, que a máquina coa que nun principio estaba a colaborar, remataría por expulsala do campo.

Coa introdución do tractor e a maquinaria complementaria, a agricultura deu un salto cualitativo sen precedentes, pasando, sen temor a esaxerar, do neolítico á revolución industrial. Pero non todo foron parabéns coa chegada das máquinas. Coa mesma velocidade que a tecnoloxía evolucionaba, o emprego masivo de brazos convertíase en recordo. Mulateiros, pinches, e outros mozos de servizo viñeron, o mesmo que moitos xornaleiros, que a fame ameazaba as vidas. A emigración, esta vez a terras ben afastadas que non sempre os acolleron como se merecían, foi unha das poucas saídas. E a partir deses momentos, a figura do segador de fouce foi só memoria nestas terras.

A vella Castela, e esta comarca da Moraña que coñecestes e que hoxe vos recebe, ten cambiado, transformouse. Na fisionomía dos pobos vemos menos adobe, máis casas de ladrillos e teñen mellorado as infraestruturas. Pero a maior riqueza deste pobo segue sendo as súas xentes e a maior tristeza é que cada vez somos menos. Dende hai algunhas décadas, unha imparable sangría demográfica debilita Castela e León. Nesto da emigración case estamos á par cos nosos amigos galegos. Foron tantos os que teñen marchado que fixeron vereas até nas pedras. Dous millóns e medio de persoas vivimos en Castela, case tantos como os que andan dispersos pola xeografía de Cataluña, Madrid, País Vasco, Aragón, Valencia, ou máis aló das

fronteiras, en Europa ou América, onde tiveron que se instalar para sobrevivir. Dende 1951 até 1981emigraron un millón de veciños dos nosos pobos. Unha cifra terrorífica. Quen tivo a culpa de que non se articulasen os medios económicos e sociais necesarios para vivir dignamente na nosa terra?

Os cidadáns de Castela seguimos a sufrir as consecuencias da ineptitude daqueles políticos que, dentro do concerto económico da primeira industrialización española, asignaron a Castela o papel de celeiro de España e condenárona a vivir do monocultivo de cereais. Se a isto engadimos que o noso chan depende dunha climatoloxía veleidosa e pouco compracente, explícase a nosa actual postración.

Como membro desa España rural interior, crecentemente envellecida e despoboada e cunha economía cada vez máis marxinal, quero levantar a miña voz para dicir que non entendemos como se nos controla o prezo ao que vendemos o trigo ou a cebada, pero permítese que libremente suba o prezo da maquinaria, dos abonos, dos carburantes, etc. Tampouco entendemos como, habendo tanta necesidade de auga, leve máis dunha década rematado o pantano de Las Cogotas e non estean construídos os canais para regar na Moraña.

Se ao menos se desenrolara nestas terras unha industria transformadora do que producimos! Pero non. Carecemos de tecido industrial, de xeito que os nosos mozos vense obrigados a buscar traballo e futuro noutras partes. A Administración, tanto Central como a Autonómica, aprovéitase da resignación das nosas xentes e apenas nos presta atención. Isto pensámolo todos, os de esquerdas e os de dereitas e os de centro, pero só algúns nos atrevemos a dicilo en voz alta. Creo responder ao que aquí todos pensamos se me dirixo ás autoridades que nos acompañan, e en cuxa presenza sinceramente agradecemos, para dicirlles que se esforcen por traer a esta comarca de Moraña inversións relacionadas coa agro-industria e infraestruturas de xeito que xeren suficiente emprego pra que ningún castelán teña que emigrar para atopar traballo. Pola nosa parte, comprometémonos a defender o noso medio de vida tradicional, a agricultura e a gandería, como principal garantía da continuidade dos nosos pobos.

Nós conformámonos con pouco, non nos move a obsesión pola competitividade. É máis, preocúpanos que a loita por se manter no mercado conduza a prácticas que poñan en perigo o nos tradicional equilibrio medioambiental.

Nós coñecemos as comodidades das que gozan quen viven nas cidades, sen embargo, preferimos seguir no pobo porque gústanos esta vida, porque parécenos insoportable vivir sen sentir na nosa pel os ritmos da natureza; porque amamos a nosa cultura tradicional, os nosos costumes herdados... Faise un nó na gorxa cando pasa pola nosa cabeza a idea de que os nosos fillos non queiran seguir aquí, de que os nosos pobos poidan desaparecer por abandono...

Aínda son moitos os que nos rebelamos contra o destino fatal que queren marcarnos. Non queremos ver máis pobos en ruínas, nin queremos ser testemuñas do final da nosa cultura rural e do noso entorno, por iso debemos buscar alternativas (como por exemplo o aproveitamento da auga dos encoros para estender os cultivos de regadío) que xeren traballo para os que no futuro tomen o relevo dos aquí presentes.

Non nos resignamos, imos seguir loitando para garantir a existencia dos nosos pobos protexendo a nosa riqueza natural e o noso patrimonio cultural. Non podemos caer no fatalismo nin ser derrotistas, debemos mirar o futuro con ilusión e entusiasmo, deste xeito veremos que aos nosos pobos quédanlles anos de vida.

Por iso, este encontro non é só unha mirada nostálxica a un pasado que se afasta velozmente. Queremos rememorar un fenómeno social cheo de suxestivos



Cartel correspondente ao homenaxe da comarca da Moraña aos segadores valdeorreses

perfís económicos, xeográficos, antropolóxicos e culturais; pero queremos tamén transmitir ilusión. Queremos que o recordo do pasado serva como ferramenta para o futuro.

Pretendemos que os nosos fillos e os fillos dos nosos fillos coñezan que pasou noutros tempos –menos afortunados que os actuais- pero non menos felices, por suposto, algúns de cuxos protagonistas nos deixaron para sempre, pero por sorte, aínda temos moitos deles hoxe aquí presentes para dar testemuña.

Por iso tíñamos que aproveitar esta ocasión, única, para que nos conten como se vivía naqueles anos difíciles, cheos de sacrificios, carencias e necesidades das que tanto temos ouvido falar nas charlas dos nosos maiores. Aqueles tempos sen comodidades, máis austeros, de traballos case escravos, sen apenas ocio, pero sen présas, no que por riba de todo sobresaía o valor humano e o empeño pola obra ben feita.

Hoxe e aquí debemos facer brillar con luz humilde as historias que se seguen recordando en cada pobo a través dos relatos que os avós contan aos netos e fillos sobre a época da sega e os seus protagonistas. Con este día histórico que estamos vivindo volven a recordarse con morriña as relacións cotiás que se deron naqueles anos, nos meses de xuño e xullo entre os veciños dos nosos pobos e os segadores galegos. Non só se fala da dureza do traballo, senón tamén de alegrías e da morriña pola terra; da multitude de fermosas anécdotas, cargadas de humanidade e sentimento. Como a que recordan as fillas do amo que coidaron con dedicación ao segador enfermo ou aquela simpática do rapaz que volve do pobo, ao que fora por comida e dille ao maioral que se espantou a burra e que lle tirou as potas e o único que puido recoller foi o caldo dos garavanzos. Tamén se comentan as diferenzas de trato entre as casas de aqueles amos e campesiños onde se lles daba ben de comer e tratábanos como se foran da familia, sentándose na mesma mesa, e aquelas outras, por sorte as menos, nas que o trato deixaba moito que falar.

E de paso infórmannos con detalle de como vestían nas súas terras de orixe, que comían, onde e como vivían... en definitiva, como loitaron os de alí e os de aquí por vivir na natureza hostil e pouco agraciada, sen sucumbir, pero tamén mimando a terra sen ferila irremisiblemente.

En canto sucesores daqueles labradores que, ante a falta de man de obra para recoller a tempo o pan para a súa malla, buscaron a colaboración de segadores galegos e que, forzados pola pouca produtividade destas terras, con demasiada frecuencia pagaron escasos xornais; tamén queremos que esta homenaxe serva de desagravio polos excesos que, aínda que non frecuentes, seguramente existiron. Non podemos deixar pasar esta ocasión para recordar e homenaxear tamén a aqueles outros segadores (máis perto de nós), os habitantes da serra de Ávila (Parameras, Gredos e Tiétar) que dicían vir a Castela cando baixaba a facer a seitura á Moraña: e de entre eles quero destacar dunha forma especial e moi sentida aos montañeses da Parra, un pobo próximo a Arenas de S. Pedro, que no verán do 1936 viñeron segar estes campos de Bercial e nunca máis regresaron ás súas casas, pero, dende ese mesmo día que aquí se quedaron para sempre, o recordo da súa presenza neste pobo segue vivo entre nós e seguirá durante xeracións asociado ao sentimento de rexeito da inxustiza e da violencia.

Cuadrilla de segadores en Berceal de Zaperdiel, Ávila. 1948

Hoxe, por riba de todo, o que todos queremos é reencontrarnos con quen compartiron cos nosos avós e pais, campesiños e xornaleiros de Castela, o suor producido polo eterno traballo da terra, rendéndolles unha homenaxe de gratitude e recoñecemento.

Non sabemos que nos deparará o futuro, pero de algo estamos seguros: alí onde haxa un morañego, alí onde estea un veciño destes pobos de Castela haberá un recordo de eterno agradecemento pra todos os que viñeron a regar estas terras coa súa suor. Moitas grazas.

BRAZOS PRA SEITURA: OS ÚLTIMOS SEITUREIROS

José Manuel González Suárez, Espiga Mallada

Cantas veces temos oído aos máis vellos do lugar, historias das súas labouras nos traballos da casa, dos seus oficios, das súas idas e vidas ás feiras, das viaxes como emigrantes a países afastados ou ben das emigracións temporais á sega en Castela, coma seitureiros. Porén, todas estas pequenas historias, a miúdo quedaban esquecidas nas lareiras das casas vellas e eses tempos pasados afumáronse con elas.

Dende hai máis de 20 anos, os veciños do pobo de Queiroás da Igrexa xunto cos da Torre de Seoane (Allariz), queremos recordar todas aquelas tarefas relacionadas co Ciclo do Pan. Os verdadeiros responsables de que estas xornadas etnográficas se celebren a data de hoxe foron o Concello de Allariz, daquelas co seu concelleiro de cultura ao fronte, Antonio Blanco, e os veciños dos pobos: nun primeiro momento Turzás e Torre de Seoane e despois os de Queiroás da Igrexa.

Este ano 2016 farase a sega o 16 de xullo, o 6 de agosto a carrexa, a malla e cocerase pan. Remataremos este "Ciclo do Pan" por mediados ou finais do mes de outubro coa actividade da sementeira.

Nos últimos séculos, moitos labregos non só traballaron de sol a sol nas súas facendas senón que tiveron que marchar temporalmente como xornaleiros seitureiros a segar nas terras de Castela. Estes mesmos homes deixaban sen brazos fortes e baleiras as súas casas. Canto menos tempo empregaran en cada casal, antes poderían voltar ao seu país cun pouco de diñeiro.

Normalmente adoitamos coñecer a todos os nosos veciños onde vivimos e que traballan a reo nas terras, pero seguramente descoñecemos gran parte das historias que configuraron dalgún xeito o fío das súas vidas.

Pois ben, como cerne desta pequena homenaxe, quixemos pescudar e recuperar no baúl dos recordos destes seitureiros da comarca de Allariz todas esas vivencias das viaxes e periplos das segas polas terras de Castela.

Case todos deles resaltan e coinciden en dúas condicións ou requisitos necesarios que debían de reunir aqueles homes ou rapaces que marchaban á sega: primeiro que souberan afiar ben as súas fouces (ter a punto o material de traballo) sendo hábiles e fortes de man e segundo que non tiveran problemas ou dor nos cadrís e nos riles para estaren agachados moito tempo.

Para formar a cuadrilla segundo a encarga da sega e as "cartas de trato" co patrón, botaban man de xente coñecida do pobo, veciños todos de portas (os rapaces acostumaban ir a cargo dos pais, tíos ou primos) e cando non era posible facelo así, tiñan que ir na busca dos postos que lle fixeran falla pola contorna do territorio.

Segando e afiando a fouce en Queiroás, 2002

Os lugares que xuntaban máis fouces, eran, pola parte dereita do Arnoia: a parroquia de San Breixo de Queiroás da Igrexa (as cuadrillas do Sr. Demetrio, Sr. Jacinto, Sr. Alfredo, Sr. Pepe), Santa Baia, San Vitoiro (Sr. Luís), Santa Mariña, o val da Mezquita, Torán, Taboadela, Soutomaior, Paderne ou o val da Rabeda (Sta. Cruz de Calvos), que facían grandes grupos de traballo.

Na parte esquerda do río, na "terra do millo", tamén coñecida como "A Broa", formábanse moitas cuadrillas, destacando as do Sr. Francisco e o Sr. Abelardo de Fontao en Covas, a do Sr. Sacundino no Xén e a dun tal "Miranda" de Torneiros, que recrutaban persoal de Corbillón, Pardavedra, Zarracós, Olás, A Portela, Amiadoso, Torneiros, Roimelo e incluso de lugares da zona de Xunqueira de Ambía coma Sobradelo, Bobadela, Aveleda ou Armariz. Na Limia tamén había moitas cuadrillas. Contan que un ano, chegados a Villares de la Reina (Salamanca), coincidiran na zona ata noventa cuadrillas dos arredores de Allariz.

Cando se formaba un grupo grande de 40, 60, 80 ou máis persoas había un "xefe" ou "principal" que ía ao seu cargo e que moitas veces non traballaba. Este feito acostumaba ser fonte de conflitos cando as cuadrillas que levaba eran pequenas, de 12 ou 18 persoas. Nalgún caso os segadores das cuadrillas repuxéronse ao principal por andar de paseo nos casais, por Madrid e despois querer cobrar os gastos sen traballar.

Aprendemos grandes cousas e valores das súas experiencias: o ser consciente da dignidade dun mesmo e de loitar pola dos demais, manter o respecto, solidariedade e aprecio polas persoas e o cumprimento da palabra e encarga feita. Ensináronnos moitas expresións propias ligadas ao uso e á xerga do seu estudado e cuestionado "oficio" de seitureiro por Xaquín Lorenzo, e que de novo enriqueceron a nosa lingua. Así pois, termos ou ditos como o de "Rabonar, quitarlle unha presa ou fouzada de palla no suco doutra fouce que ven

por detrás", "Segar os menudos", "Ir de menor", "Ir de menor ao montón", "Ir de rapaz", "Ir a perdida", "Saír de fouce", "Ser fouce ou igual", "A maioría do maioral", "Durmir no palleiro", "Ir de servidor", "Atillo" que aquí sería "A grañoá", "Gambito ou caxato", "collela de mao", "collela de volta e revolta", "As cartas de trato"... etc forman xa parte da súa conversa.

As cartas de trato e os axustes. Aló polos meses de febreiro ou marzo era costume que chegaran cartas ou telegramas para os maiorais comentando que a sementeira xa estaba feita e querendo saber "se contaban ou non coa xente para a sega do ano en curso". Debíaselle responder si ou non. O maioral confirmaba de novo a súa ida co grupo e quedaban emprazados "para a próxima" carta. No mes de maio e principios de xuño recibíase outro telegrama ou correo no que se sinalaba o día exacto da saída e chegada para recoller o grupo na estación correspondente cun carro e fixábase xa o prezo final da sega en función das fanegas que tiña o amo. Este prezo cambiaba na Castela Vella ou na Nova segundo a fanega contara con oito, seis ou catro celemís.

Se o maioral e o patrón eran vellos coñecidos, o axuste facíase nas primeiras cartas. "Un pedía e o outro mandaba. Dende aquí, eu axustáballe por fanegas e logo había que "poñerlle a *piedra*", é dicir, o prezo de cada un". Segundo o Sr. Demetrio, Parla foi o mellor lugar en todo: comer e beber ben, boa sega con suco estreito, as terras grandes tiñan dúas norias e as pequenas unha, e no axuste había que regatear pouco. Un dos amos, un tal Sandalio, dicía: "las cosas van para arriba, no van para abajo".

Había certas diferenzas entre a Castela Vella e a Castela Nova: tratamento do persoal, contrato de sega, duración e relación co patrón que na C. Nova non se sabía quen era nin o que se ía a gañar... etc. Noutros casos, cando o axuste non se facía por carta, o habitual era facelo á noite da chegada falando co patrón. Na Castela Vella, era usanza facer o axuste á metade da sega, despois de recoller "os menudos" (algarrobas, cebada, avena, lentellas, fabas ou garavanzos) e antes de comezar a sega do trigo. A cuadrilla enteira "enfrentábase" ao patrón para facer o axuste no que as fouces co maioral cobraban todos por igual e os rapaces unha terceira parte menos, asevera o Sr. Paco de Vilaboa. "Era estilo de alí (na Castela Vella) pagarlle mellor aos rapaces" comenta o Sr. Antonio Seara.

En C. Nova, cando se trataba de grupos grandes, distinguíanse fouces de primeira, segunda e terceira. Había segadores que non ían de fouces, senón de "menores ao montón". Para facer o cobro sempre ía o maioral coa segunda fouce onde o amo. Despois facían o reparto estendendo unha manta no chan e poñendo os cartos en tantos montóns como partes eran. O pago da "maioralía" dábaselle ao maioral antes de facer os montóns. O menor que ía ao montón, collía o montón xusto e despois trazábase o pago dos rapaces que era a metade das fouces. Por último, as fouces entraban "as zafas" (sobrantes) que quedaban dos rapaces e menores. De cando en vez dicíase: "se ao remate non se arranxaba co amo ou non pagaba o tanto axustado, levámolo ás bases a Salamanca ou á maxistratura a Valladolid".

A viaxe de ida e volta facíase en tren, camiñando ou collendo un autobús ata a estación máis preta. O habitual era achegarse ata a estación de Ourense ou nalgún caso á de Mesón de Calvos en Taboadela, a poder ser en grupo ou "expedición" porque sumando dez persoas saía máis barata a viaxe. Tamén axustaban a viaxe de ida, nun camión dende a Limia ou nun autobús dunha empresa ourensana ata os lugares de faena (p. ex. Arévalo). Cantas veces escoitaron estes segadores nos aparcadoiros das estacións a frase "Viajeros al tren... y los gallegos también". Contan estes mesmos informantes que os seus pais, avós e bisavós, ían camiñando de cara a Castela de oito a quince días na ida e na volta.

Cada un levaba consigo un saco cunha pouca roupa, dúas mudas, un pantalón de traballo, unha camisa, unha manta e os segadores as fouces e ganchos. O Sr. Luís Gallego Blanco, que marchara con doce anos dende San Vitoiro, lembra como ese día na despedida, seu pai e seu tío chorando lle dicían: "Luís, a ver se es agudiño".

A Xornada de traballo e as mantenzas. Ao día seguinte de chegaren xa comezaban a faena. Durmían no palleiro vestidos e utilizaban de colchón un saco de palla moída e unha manta por riba. Outras veces, se a terra cadraba lonxe, durmían na propia leira cuns mollos debaixo. Erguíanse de noite para entrar no eido ao romper o día e remataban ao solpor, chegando a casa sobre as once ou doce da noite. Con noites de lúa chea algunha cuadrilla alongaba máis a xornada. Ao saír pola mañá levaban o almorzo: sopas caldosas de allo con pan e aceite, queixo, chourizo composto de pan (fariñazo) e touciños (torrezmos) pasados pola tixola. O viño non faltaba nas comidas. O xantar servíao o amo ou íase buscar por un servidor e contiña sopa de garavanzos, lentellas, cocido ou compango, carne de cordeiro, pan e viño. Na merenda, pan migado con sal e aceite e queixo e para cear unhas patacas caldosas con carne. En lugares que non estaban vixiados deixaban cazar coellos, lebres e perdices. Noutros, como en Villafranca del Castillo, estaba prohibido cazar as perdices e pagábanlle tres pesos por gardar os niños segando ao redor. Se algún día cazaban e querían comer coellos tiñan a cociñeira ou a ama que llos preparaba.

A duración das xornadas de traballo sumaban máis de dezaoito horas. Comezábase polos "menudos" e despois continuábase co trigo se estaba cumprido (trigo espigado, trigo morocho ou gordo e o trigo serodio que viña a ser o máis fino).

Todos opinan que se comía moito mellor na Castela Vella que na Nova aínda que a mantenza era demasiado forte para o duro traballo e o sol que se pasaba. Traballábase de continuo e non se paraba os sábados e domingos. Os únicos días de descanso eran os festivos

Facendo a seitura en Queiroás, Allariz, 2008

de S. Pedro e Santiago, e no dezaoito de xullo facíase a "mañanada". Neses días, íase a misa, bailábase coas mozas, coas criadas e fillas dos amos e aproveitábase para lavar a roupa na noria. As camisas, cando se lavaban e secaban na leira, sostíñanse de pé nos regos e quedaban duras pola suor e o po que escondían.

A totalidade dos días de traballo dependían de que as colleitas estiveran cumpridas e da extensión de fanegas sementadas que tivera o casal. Viña sendo entre 30 e 40 días na Castela Vella e entre 40 e 55 días na Nova. As cuadrillas podían ser de tres a trinta e dúas persoas, dependendo do grande da casa.

Datos dalgúns informantes:

José Benito Vila Cid, Ribo, San Jorge (Taboadela), 1920. Casou en Queiroás da Igrexa e foi por primeira vez a Castela con doce anos. Estivo indo catro anos, dos cales tres foron de rapaz e un de fouce. Os lugares de traballo foron Aldea Seca na provincia de Ávila, Salamanca e Algete (Madrid).

Luís Gallego Blanco, San Vitoiro, 1924, foi quince anos, a primeira vez con doce, catro de rapaz, oito de fouce e tres de maioral. Os lugares foron Aldea Seca en Salamanca sobre 50 días e Algete en Madrid. Cuadrilla de seis con cuatro fouces e dous rapaces. O xornal do primeiro ano foi de 40 pesos que o deu para a casa. O último ano que foi gañou 3.500 pesetas no ano 1951 e traballou sobre 50 días. Segundo palabras textuais do Sr Luís, chegou a ser "a experiencia máis dura da súa vida". Conta que seu pai marchou con nove anos andando a Castilla durante oito días. Déranlle quince pesetas e ao perder a manta que non era del, restáronlle oito e chegou a casa con sete pesetas.

Demetrio Fernández Fernández, Seara, Torán (Taboadela), 1927 e casado en Queiroás da Igrexa. Foi por primeira vez a Castela con doce anos. De todos os informantes, foi a persoa que máis tempo estivo traballando nas dúas Castelas. Botou indo, con algún intervalo de tempo no medio, 23 anos pasando por todas as categorías. As cuadrillas podían ser de 32, 22, 9, 6 ou 3 persoas. Os lugares de sega foron en: Algete, Parla, Alcasar de Talamanca, Villafranca del Castillo, Majadahonda, Asiseña, Fuenlabrada, Pinto, Cerro de los Ángeles, Fuencarral, Alcobendas.

En Salamanca, contando cunha cuadrilla de tres persoas para segar (dúas fouces e un ateiro) nunha terra que lle chamaban o "kilómetro cero", a outra fouce encontrouse mal e non puido traballar durante seis días. A primeira fouce tivo que segar ela soa unha terra de dúas fanegas e outra de nove. A xente que ía de paso a Salamanca e mesmo os maiores que non traballaban polas tardes, achegábanse e quedábanse mirando como segaba. Comenta que "de cinco días de traballo, comeulle aínda unha merenda". Persoa de axuda no *destajo*, leal no traballo cos outros segadores e solidaria no reparto do axuste e pago final. Non lle gustaba o abuso dalgúns nin que gañaran o mesmo sen traballar. Foi tres anos de rapaz, un de servidor, catro de menor e o resto de fouce e maioral.

O primeiro xornal que gañou como rapaz era de 100 pesos e cando veu comprou un traxe de "dril" que lle custara 20 pesos. Deixábanlle cazar coellos e lebres todos os días e pagábanlle por cada niño de perdiz tres pesos e non podían segalos nin desfacelos. Gañou dez mil reás por San Pedro e outros tantos ao final da tempada co das perdices. Gustáballe moito ir a Castela e disfrutaba sobre todo na Nova. O pobo de Parla foi o mellor de todos.

Antonio Seara Nóvoa, San Fiz (Taboadela), 1928, e casado en Queiroás da Igrexa. Foi por primeira vez a Castela con catorce anos. Estivo tamén indo con intervalos de tempo no medio cinco anos, dous foron de rapaz, un de menor e dous de fouce. Os lugares de traballo foron en Alcasar de Talamanca, Arriba Tejada, Alcobendas en Madrid e Arévalo. As cuadrillas eran de seis, nove e vinte. A primeira vez trouxo un xornal de 20 pesos para a casa e o último ano de 1.500 pesetas. "Os cartos gañábanse para a casa e non para gastar nun". Estivo segando nunha dehesa grande de trinta fanegas e a cuadrilla só facía dúas mans e media no día. Para ir buscar a auga estaba un rapaz solo.

José Cid Fernández, Torán (Taboadela), 1928 e casado en Queiroás da Igrexa. Foi por primeira vez a Castela con trece anos. Despois do Sr. Demetrio vén a ser a segunda persoa con máis tempo traballado en Castela. Botou indo con algún intervalo de tempo no medio dezaoito anos, dous foron de rapaz, un de menor, trece de fouce e dous de maioral. As cuadrillas podían ser de dez, nove, sete, e seis persoas. Os lugares de traballo foron na provincia de Guadalajara e en Adanero. O primeiro xornal que trouxo de rapaz foi de 75 pesos que lle quedou en 49 pesos despois de pagar o tren. As fouces cobraran 3.000 ras. O seu irmán gañara 60 pesos saíndo por primeira vez a tocar de músico cunha banda. Con estes cartos, o seu pai puido comprar unha toura grande que despois vendeuna por 1.000 pesetas. Botou de 35 a 40 días na Vella e na Nova ata 59 días.

JOSÉ BENITO FERNÁNDEZ, UN SEGADOR DA POSTGUERRA

José B. Fernández López naceu en Trelle (Toén-Ourense) o 6 de Agosto de 1922, fillo de Emilio Fernández e Emilia López sendo o máis pequeno de seis irmaos. Dedicouse coma seus pais á agricultura, inda que tamén fixo de albanel traballando no Hospital Psiquiátrico de Toén e nos anos 1963 e 1964 traballou dúas temporadas na construción en Suíza.

Trelle era camiño de paso cara Ourense para a xente procedente de Cartelle, a Merca, Ramirás, Celanova ou Gomesende. No tempo da sega pasaban moitas cuadrillas para coller o tren camiño a Castela. Unha persoa que máis cuadrillas organizaba era o Pantomino da Sierra, que tiña un bar-tenda nas Seixadas, Cartelle. Levaba tres ou catro cuadrillas para varias casas, de xeito que a que acababa antes o traballo ía axudar a outra. A situación de Trelle no alto da montaña, no extremo do concello de Toén, o feito de non ter ribeira e a proximidade coas aldeas dos concellos da Merca e de Cartelle, poden ser as razóns polas que os veciños desta localidade tiveran máis relación con esta xente que cos do seu propio concello. Moitos homes deses lugares foron casar a Trelle, pero sempre mantiveron lazos co seu lugar de procedencia.

En Trelle había entre 20 e 30 persoas que ían á sega. Organizábanse catro cuadrillas: a do César Nieto, a do Castor Fernández Rodríguez, a do José Benito Cacheiro, que era de Seara de Montes e casou en Trelle, e a do Bautista, que tamén foi casar a Trelle, pero era natural de Proente.

Os irmaos de José B. Fernández comezaron a ir á sega polo ano 1925. Non ían xuntos, senón en cuadrillas distintas. No ano 1936, cando comezou a guerra civil, estaban en dúas cuadrillas: Avelino, Ángel e Manuel (este era o máis novo e leváballe 4 anos a José) no lado da República e Serafín e Arturo no lado dos rebeldes. Manuel, que tiña 16 anos naquel momento, foi enviado para Francia e volveu a casa ao remate da guerra. Avelino e Ángel pasáronse de bando para volver a casa.



José Benito na súa case de Trelle, Toén.

Ao igual que seus irmaos, José tamén foi á seitura en Castela. A primeira vez en 1939, ao remate da guerra, a piques de cumprir 17 anos. Marchou con outros tres homes de Trelle, coa cuadrilla do Castor Fernández, que facía de maioral e fouce primeira, xunto co Camilo da Felisa e o Rogelio. O Castor xa levaba anos acudindo a Alcobendas, á casa do Sr. José Méndez, que tiña terras na localidade madrileña e outras máis lonxe, en Algete, a uns 15 km, para segaren o trigo, o centeo, a avea, as lentellas e os garavanzos. José Benito ía de servidor, para atar os moios e dar servizo aos segadores. Pero nesta primeira ocasión tamén levaba a misión de recoller as cousas que seus irmaos deixaran en Madrid cando en 1936, o estalido da guerra civil, os collera en plena temporada da sega. Eles nunca máis volveron ir á sega.

Saíron polo sete de xuño, en tren, camiño de Monforte. Para chegar á estación de Chamartín leváballes un día e a noite. Ao chegar a Madrid dirixíronse ao rastro para mercar material: albarcas, polainas, fouces, etc. Isto facíase a primeira vez. Unha vez que tiñan a ferramenta, gardábana dun ano para outro. A súa equipaxe era mínima: unha muda, un sombreiro para o sol abrasador de Castela e pouco máis.

En Alcobendas, o patrón dáballes un espazo nunha palleira, pero se a terra onde tiñan que traballar estaba lonxe, non lles merecía a pena volver e pasaban a noite ao raso, acomodándose como podían entre os moios, os sucos e nas trincheiras da recente guerra.

Levaban o traballo contratado por fanegas de terreo. A xornada, na que deberían segar unha fanega (sobre 2500m^2), era dende que rompía o día até a noite e só lles daban unha ola de garavanzos con algo de carne de ovella e touciño para o xantar, pouco pan e malo, e auga para beber. O almorzo e a cea eran a conta deles e ás máis da veces era o que lles sobraba (ou mellor dito, facían sobrar) do xantar. Pola mañá cedo, cando durmían en Alcobendas, collían unha sardiña ou un arenque salgado nunha tenda que había na praza do pobo, e entón almorzaban de camiño ao traballo. Segundo José Benito, o patrón non comía mellor. A temporada facíase de corrido, sen días de descanso. Só había dúas festas nas que non se traballaba: o día de Corpus e a tarde libre do día de San Pedro.

A súa cuadrilla tiña tres fouces e el de servidor/atador. A súa función era a de ir atando e facendo os

moios que as fouces ían segando. Tamén tiña que dar auga aos segadores e ir recoller a ola coa comida á casa e levala para xunto os compañeiros. Cando estaban nas terras de Algete, o camiño até a casa do amo en Alcobendas leváballe máis dunha hora, pero conseguiu facerse amigo dos gardas dun posto de control e parábanlle un camión que traballaba desentullando Madrid para que o levasen e deixaran o máis cerca posíbel de onde traballaban. Así aforraba moito tempo.

O traballo desenrolábase así: cada segador collía dous sucos, e a primeira fouce ía marcando o ritmo colocado nos dous primeiros. Paralelamente púñanse as outras fouces, a 2, a 3, ... A medida que ían segando, o rapaz ou atador facía os moios. Se non daba feito, o maioral mandaba a unha fouce ir axudarlle. Ao chegar ao final, volvían segando os sucos sucesivos. Se algunha fouce non daba feito, perdía a súa posición sen que ninguén o esperase, podendo pasar a ser só media fouce e cobrando menos. A medida que as fouces ían facendo o seu traballo, tiñan que asentalas coa pedra de afiar, momento no que paraban para descansar un pouco e beber.

Ao segar, cortaban a palla a un palmo da terra aproximadamente, sendo a cebada a que daba máis traballo. A algarroba e o garavanzo eran as máis baixas, o que obrigaba a andar máis agachado. O máis fácil de segar era a avea, o trigo e o centeo. Ao rematar a sega viñan os criados cos carros para recoller os moios, e a continuación, viña a respiga: se o amo tiña rabaño de ovellas, levábao para que comeran o grao que quedaba no chao e se non, podía (ou non) deixar que mulleres entraran na finca para que o apañaran para elas.

A temporada remataba a finais de xullo, porque o 2 de agosto tiñan que estar de volta en Trelle para a festa da Raíña dos Anxos. Tíñano como algo sagrado. Nesa primeira saída a Castela para traballar na sega, José Benito trouxo ou redor de 35 pesos (175 pts., que hoxe representarían uns +/-250€).

Ao ano seguinte volveu coa mesma cuadrilla, pero nesta ocasión xa ía de *media fouce ou gancheiro* (gañaba sobre 1000 pts., hoxe serían uns 1500€), xunto cos outros tres segadores do ano anterior, e levaban a un rapaz do pobo de servidor, o Castor Fernández Feijoo. Volveron á mesma casa de Alcobendas, pero nesta ocasión tamén foron a algunha outra finca a traballar, concretamente á finca da Moraleja. As condicións eran as mesmas, pero José Benito xa non tiña que facer viaxes á casa para coller a ola da comida.

Na finca da Moraleja cazaban algún coello e perdiz coas fouces entre a palla que ían segando. Cando isto acontecía, tiñan a posibilidade de cambiar o menú, que era día si e outro tamén o mesmo: garavanzos con algo de carne de ovella e touciño.

En 1942 cambiou e en troques de ir a Castela a Nova foi á Vella, a Montuenga, na provincia de Segovia, a só 8 km. de Arévalo. Foi na cuadrilla do Bautista, ao que lle faltaba unha fouce. Con el ían outras dúas fouces, un de Trelle, o Delmiro da Julia, cuñado do Bautista, e outro de Proente, o Manolo, e levaban un rapaz como servidor e para atar.

O traballo era distinto á zona de Madrid. O maioral contrataba o traballo para tres amos distintos, que lle indicaban as obradas que habería que facer (a obrada era máis que unha fanega, uns 3000m^2) e en función diso, dos días que estaban dispostos a botar e do que pretendían gañar, contrataba a máis ou menos homes para a cuadrilla. Os amos dábanlles máis comidas, maior cantidade e mellor calidade, con pan e viño en abundancia. Antes de ir para o campo dábanlles unha copa de augardente con pan, e despois o almorzo, con viño. A medio día levábanlles o xantar e cambiaban o viño que quedara da mañá. Á noite tamén lles daban a cea. O menú era o mesmo, garavanzos con carne de ovella e touciño, pero máis cantidade. Os xoves e os domingos pola noite había baile cun organillo e José e Delmiro, sempre ían. Había poucos homes e moitas mozas, e se guiaban por elas botaban toda a noite, pero viñan de traballar e á mañá seguinte tiñan que volver ao campo, polo que rara vez se quedaban máis dunha hora.

O que gañaban en Montuenga era máis ou menos o mesmo que en Alcobendas (sobre 2500 pts., que representarían uns 3500€ hoxe). A diferenza radicaba en que lles daban a comida e non gastaban comprando, polo que aforraban máis cartos que traían para casa. Desta última campaña garda mellor recordo.

En 1943 José Benito, con 21 anos tivo que ir facer o servizo militar, que daquela era de tres anos. Ese mesmo ano morreu seu pai (no ano 39 morrera a súa nai) e cada un dos seus irmás foi facendo a súa vida, casando e formando as súas propias familias. José Benito quedou ao cargo da casa e cando volveu da "mili" xa non volveu saír á seitura. Os maiorais que había en Trelle xa eran vellos e deixaron de organizar cuadrillas para ir á sega. En 1948 casou cunha muller de Sobrado e dedicouse a coidar as terras, as súas e as da muller, co que xa tiña traballo suficiente. Non volveu ir á seitura.

DE "VILLANUEVA DE LOS INFANTES" A VILANOVA

X. L. Méndez Ferrín

A actual Vilanova dos Infantes (a miña patria primordial) é unha localidade de Galicia da cal temos noticias e documentación desde os días distantes dos pais de San Rosendo. Nos vellos instrumentos latinos medievais figura como "Villanova", naturalmente con –ll- que soaba –l-. Pasados moitos anos daquel século X, xa no XIV apareceu en documentos galegos descubertos por Xosé Benito Reza e lidos por Ramón Lorenzo, como "Vilanova das Infantes".

Non sabemos a cales infantes, en feminino, se refería a denominación, mais podía pensarse que fosen a Ilduara Eiriz e Adosinda Gutérrez, nai e irmá do citado Rosendo, que alí constituíron un mosteiro feminino, no século X e seguramente no lugar de Vilanova chamado Santa María.

Do século XV para o XVI, Vilanova castelanizouse en "Villanueva" e as donas "Infantes" convertéronse en varóns, resultando "Villanueva de los Infantes". Naturalmente, ese era o nome que lle daban á vila os notarios, cregos e escribanos; as persoas de alí, monolingües en galego até o día de hoxe, seguiron porfiando en Vilanova.

No século XIX constituíuse no castelo que pertencera aos estados da Casa de Monterrei, sede municipal ou casa consistorial dun moderno concello de "Villanueva" ou "Villanueva de los Infantes". Pero ocorría que tamén en Ciudad Real se formou o municipio decimonónico de Villanueva de los Infantes, nunha bela vila asociada á vida e á morte de Quevedo. O caso repítese na actual provincia de Valladolid, onde hai outro pequeno "ayuntamiento" que tamén se chama nos nosos días Villanueva de los Infantes. Complícasenos esta toponimia cando vemos que, no concello de Guimarães vive e florece unha freguesía de seu, co nome de Vila Nova das Infantas.

Os máis vellos acordamos a outros máis vellos que acordaban moi ben cando o concello da nosa vila, se cadra argüíndo razóns de carácter práctico, conseguiu que o nome oficial do municipio deixase de ser "Villanueva" para sempre e pasase a oficializarse como Villanova.

As investigacións de Antonio Piñeiro revelan que o 16 de xullo de 1916 o concello deixa de chamarse "Villanueva de los Infantes" e recupera "Vilanova", que usará até o intre da súa incorporación a Celanova no ano 1927.

Na actualidade, Vilanova dos Infantes é unha entidade de poboación referida con tal nome no Nomenclátor oficial da Xunta de Galicia. O cal quer decer que, cando, por lei, a forma dos nosos topónimos foi necesariamente galega, Vilanova dos Infantes non tivo necesidade de modificarse nada. E iso converte á vila na localidade de Galicia que primeiro se desfixo legalmente da forma deturpada do seu nome e restaurou o propio en galego.

Eu síntome moi orgulloso daqueles nosos antepasados (con Ricardo Varela Méndez á cabeza, como alcalde que era daquela) que fixeron tal proeza, aínda que fose esgrimindo argumentos de utilidade pública. Demostraron que amaban a lingua e ao fin borraron unha mancha de colonialismo castelanista. Cousa que estamos a festexar este ano en que se cumpre o seu primeiro centenario.



A torre de Vilanova, sede municipal no ano 1916



Sesion de 9 de Julio de 1916.

En las consistoriales de Villanueva de los Infantes, á nueve de Julio de mil novecientos diez y seis, reunidos los Señores Concejales cuyos nombres al margen se expresan bajo la presidencia del Sr Alcalde D. Ricardo Varela Mender, se dio lectura al acta de la anterior y fue aprobada por unanimidad.



Sesion de 16 de Julio de 1916

En las consistoriales de Vilanova á diez y seis de Julio de mil novecientos diez y seis, reunidos los señores concejales cuyos nombres al margen se expresan bajo la presidencia del Sr Alcalde D Ricardo Varela Mender, se dio lectura al acta de la anterior y fue aprobada por unanimidad.

Acto continuo por el Sr Presidente se dió cuenta, que, estando proximo el dia 25 y 26 del actual, dias en que el Ayuntamiento celebra á costa del presupuesto municipal el aniversario de la aparicion de la Santisima Virgen del Cristal, procede que en el año actual como desde tiempo inmemorial lo viene verificando el municipio, lo haga,

La corporacion acuerda: que por cuenta de lo consignado en el presupuesto del año corriente, Capitulo 9º art. 8º de gastos se celebren dichos festejos en los dias arriba indicados á cuyo efecto nombran al alguacil portero de esta corporación D. Ildefonso Arango para que se encargue de los mismos segun es costumbre utilizando la partida consignada en los referidos Capts. y artículo, haciendo si posible fuese las economias que sean posibles, y se levanta la sesión y firman los señores concejales concurrentes á ella, de que yo Srío, certifico

Ricardo Varela

Manuel Flores

Eliseo Baisas

Juan Herresa

Manuel Fernandez

Cipriano Gonzalez

Reprodución do libro de sesións do concello de Vilanova dos Infantes, primeiro a do 9 de Xullo de 1916, onde figura o nome de Villanueva de los Infantes, e a continuación a do 16 de Xullo, onde xa podemos ler a forma Vilanova e as sinaturas dos membros da corporación

AS OUTRAS VILANOVAS DOS INFANTES

Antonio Piñeiro

O 16 de xullo de 1916, a corporación municipal de Vilanova dos Infantes decidiu –sen ningún expediente previo que se coñeza- transformar a lingua oral en norma administrativa e concluír que a partir daquel día, aquela á que lle cantara Curros –"Vilanova dos Infantes é vila de grande sona, non hai zapateiros no mundo que batan mellor a sola..."-, había deixar de ser "Villanueva de los Infantes" e pasar a ser coñecida tamén nos papeis municipais como Vilanova.

Se houbo ou non razón obxectiva para tomar o acordo só o saben os responsables do mesmo, xa que por máis que un trate de procurar razóns nas actas plenarias previas no libro rexistral, non aparecen debates ou mocións que fagan pensar nesa necesidade.

A modo de lenda popular si que se conserva na memoria dos máis vellos que había un continuado problema de perdas de cartas que viaxaban por España adiante confundindo as diferentes "Villanuevas" que da longa e larga xeografía do país, e dun xeito moi especial por outras dúas localidades que tiñan exactamente a mesma denominación terminal en nome e sobrenome: a Villanueva de los Infantes da provincia de Valladolid e a actual Villanueva de los Infantes de Ciudad Real.

Velaí a razón final pola que (neste ano cumpriranse nada máis e nada menos ca 100 anos) o daquela aínda municipio de Vilanova dos Infantes se converteu no, probablemente, primeiro municipio galego que fixo norma administrativa da voz popular e decretou a galeguización oficial do vello nome castelanizado "Villanueva de los Infantes" en Vilanova dos Infantes.

Vaia, como homenaxe ós responsables municipais daquela, a transcripción da acta municipal, que di así:

"Sesión de 16 de julio de 1916.

En las consistoriales de ***Vilanova****, a diez y seis de Julio de mil novecientos diez y seis; reunidos los señores concejales cuyos nombres al margen se expresan, bajo la presidencia del Sr. Alcalde, don Ricardo Varela Méndez, se dio lectura al acta de la anterior y fue aprobada por unanimidad.*

Acto continuo, por el Sr. Presidente se dio cuenta que, estando próximo el día 25 y 26 del actual, días en que el Ayuntamiento celebra a costa del presupuesto municipal el aniversario de la aparición de la Santísima Virgen del Cristal, procede que en el año actual como desde tiempo inmemorial lo viene haciendo el municipio, lo haga.

La corporación acuerda: que por cuenta de lo consignado en el presupuesto del año corriente, capítulo 9º, artículo 3º de gastos, se celebren dichos festejos en los días arriba indicados a cuyo efecto nombran al alguacil portero de esta corporación, don Ildefonso Araujo para que se encargue de los mismo según es costumbre, utilizando la partida consignada en los referidos capítulos y artículo, haciendo, si posible fuese, las ceremonias que sea posibles, y se levanta la sesión, y firman los señores concejales concurrentes a ella, de los que yo, el secretario, certifico."

Como se ve, a galeguización do topónimo non contou con máis acordo có da transcripción en galego da localización do acto, que ben podería ser un simple erro de escritura se non fose porque a partir dese día o Concello de Vilanova non volve utilizar o topónimo en castelán nada máis ca en cuestións puntuais ata que en xaneiro de 1927 o municipio pasou a formar parte a tódolos efectos do municipio de Celanova.

Explicada a razón da centenaria galeguización do topónimo, suxíreselle a calquera saber cómo son, onde están e o por qué da súa denominación exactamente igual, das outras dúas localidades que tamén portan o nome de Vila Nova dos Infantes.

O NOME DE VILANOVA DOS INFANTES

Moitas interpretacións se teñen feito respecto do nome orixinal de Vilanova, non exentas de lendas, como aquela que fala dun presunto parto múltiple por parte dunha veciña da vila que foi quen de traer ó mundo dunha sentada a "once fillos". Ou aqueloutra que di que as fillas do rei de León, Alfonso IX (a voz popular alude ó Alfonso X) pasaron tempadas no mosteiro fundado por Ilduara Eiriz, antes de que as súas inquilinas marcharan para Allariz.

O caso é que segundo estudos do filólogo Ramón Lorenzo a partir de documentos datados en 1358, 1369 e 1407 e descubertos por Xosé Benito Reza na igrexa de San Munio de Veiga, o topónimo ía acompañado da súa determinación en feminino, "eliminando a posibilidade que se ten formulado de que fose a forma masculina dos Infantes". A razón estriba en que na época medieval "infante é forma indiferente para masculino e feminino", sendo a partícula "das" o que marcaba a feminidade do topónimo. O tempo foi facendo que o neutro "Infantes" fose entendido como un substantivo masculino, polo que a contracción acabou mimetizándose co substantivo e a denominación feminina mudando nunha extensión toponímica masculina.

VILLANUEVA DE LOS INFANTES (VALLADOLID)

Villanueva de los Infantes está situada a 20 km de Valladolid, na ribeira do río Esgueva. Segundo a descrición oficial, esta Villanueva pertencía no século XVI ás infantas de Huelgas de Burgos. Conserva un único vestixio nobiliario, que é o escudo da familia Rodríguez de Ubierna. A igrexa parroquial de Santa María a Maior é de estilo mudéxar do século XV.

A praza de Villanueva de los Infantes, Valladolid, coa torre da igrexa ao fondo.

O nome de Villanueva de los Infantes procede, polo que se sabe, dunha casa onde se di que no seu momento viviron as Infantas de Burgos, conservándose aínda hoxe algún vestixio desa casa que o testemuña.

De interese para o visitante, aparte das escolas de pedra franca e a casa do concello, do século XIX, é a igrexa de Santa María la Mayor, levantada sobre unha construción románica do século XII. O edificio actual é de estilo gótico-mudéxar do século XV, como evidencian as ménsulas de rolos sobre as que se sostén a cuberta da súa única nave. No século XVII foi obxecto dunha serie de reformas de estilo herreriano e posteriormente foron descubertas unhas importantes pinturas prerrománicas sobre a parede, que estaban recubertas de xeso. O edificio posúe, ademais, unha torre anexa.

Polo demais, a aldea non pasa de ser un grupo de casas de adobe e pedra, onde o río constitúe un espazo atractivo, que permite un paseo tranquilo pola súa verea.

VILLANUEVA DE LOS INFANTES (CIUDAD REAL)

Outra cousa ben diferente é a Villanueva de los Infantes de Ciudad Real. Para chegar a ela hai que atravesar unha das ramas fundamentais da Ruta del Quijote, no centro da comarca do Campo de Montiel, a máis de 100 km de distancia da capital e relativamente preto das coñecidas Lagunas de Ruidera. O lugar arrecende historia por tódalas beirarrúas e soborda patrimonio polo resto dos seus recantos.

A vila, con preto de sete mil habitantes, constitúe un importante conxunto histórico representativo do barroco e do renacemento manchego. Destacan numerosos edificios civiles, relixiosos, pazos e casas populares de gran beleza. Nas súas fachadas consérvanse máis de 250 escudos.

Pero ademais deste patrimonio arquitectónico, Villanueva de los Infantes destaca pola súa vinculación con dous autores tan fundamentais da literatura española e universal como son Cervantes e Quevedo, otorgándolle a condición de vila literaria e que centra unha boa parte da súa actividade cultural.

Villanueva de los Infantes recibe o nome de "El Lugar de la Mancha", é dicir, daquel lugar de "cuxo nome" Miguel de Cervantes non quixo lembrarse. E isto é así porque no ano 2005, con motivo do IV centenario da publicación da primeira parte do Quijote, un equipo científico multidisciplinar da Universidade Complutense de Madrid publicou un estudo baixo o título "El lugar de la Mancha es... El Quijote como un sistema de distancias/tiempo", baseado no cálculo de distancias e tempos que Cervantes relata nas andanzas de don Quijote e nas referencias que fai de tardanza entre aquel lugar sen nome e outras localidades dos arredores que si cita no famoso libro e que finalmente lle outorgou precisamente a Villanueva de los Infantes o honor de ser fixado como o lugar da Mancha escollido por Cervantes como patria pequeña de don Quijote e Sancho.

Francisco de Quevedo y Villegas, que naceu en Madrid no ano 1580, morreu en Villanueva de los Infantes no 1645. O insigne escritor e poeta frecuentou ó longo da súa vida a localidade, onde acostumaba departir cos diferentes persoeiros do campo do humanismo que alí se daban cita. Por esta e por outras razón, moitas das súas obras están datadas en Villanueva de los Infantes. No ano 1643, achacoso e enfermo, decidiu retirarse á Torre de Juan Abad para falecer finalmente no convento dos Dominicos o 8 de setembro de 1645.

Segundo Xosé Luís Médez Ferrín deberiamos engadir outra pequena freguesía en Portugal, concretamente moi preto de Guimarães, que tamén porta garrida o nome de Vila Nova das Infantas. Tempo haberá, sen embargo, para localizalo e completar o cuarteto.

Villanueva de los Infantes, Ciudad Real.

ACTIVIDADES NA ROMARÍA RAIGAME 2016

A Romaría Etnográfica Raigame celebra a XV edición presentando unha serie de novidades dentro da súa programación que afectan aos artesáns participantes, aos grupos de animación e ambientación. Inclúense novas actividades e reubícanse outras xa consolidadas.

Como xa quedou dito, este ano celebrarase o primeiro Simposio Raigame, dedicado aos segadores que dará comezo ás 11.30 nas instalacións do antigo Centro Comarcal. Á unha da tarde terá lugar un acto na Praza Maior para conmemorar o Centenario da utilización, por parte do concello de Vilanova, dun xeito oficial do topónimo galego da vila. Nel tomará parte X. L. Méndez Ferrín, como veciño de Vilanova, lendo un texto reinvidicativo de tan sinala efeméride. A continuación farase entrega ao etnógrafo Clodio González do premio honorífico Adolfo Enríquez pola súa aportación á cultura tradicional galega e á Romaría Raigame. Para rematar a sesión matinal, os Danzantes de Vilanova realizarán a danza na honra da Virxe do Cristal, dando paso a un receso para xantar, no que se suspenden todas as actividades até as 16.30.

Por outra banda, despois de algúns anos de ausencia, volve a Vilanova Pepe Penabade, nesta ocasión cun novo espectáculo: "Buqueiras Novo, o Menciñeiro", compoñedor de Mondoñedo, que tira dun carriño cheo de remedios naturais (loureiro, unto, allos, etc), sacando a sombra íspera aos tolos, levantando a paletilla 'de palabra', comprobando o aire e limpando do mal de ollo, tamén tratando as verrugas e amparando os estómagos caídos con algunha brebaxe que leva no seu carro. Dende as once da mañá, Buqueiras Novo recorrerá as rúas de Vilanova ofrecendo estes tratamentos, e de balde!

Tamén volve Viravolta, que organiza un obradoiro de títeres no que os participantes aprenderán a fabricar e manipular bonecos con luvas cos que poderen realizar obras de títeres. Así memso, mostrarán a exposición *Onde foi Barriga Verde*, na que se dá conta desta figura da primeira metade do século XX que percorreu toda a nosa xeografía participando en feiras, romarías e festas cos seus espectáculos de títeres. Por último, ás sete da tarde, como peche do día, ofrecerán a obra *A Virxe do Cristal*, unha representación con títeres do poema escrito por Curros.

Sarabela Teatro tamén terá o seu momento cunha peza dirixida aos máis pequenos, baseada nun conto de Manuel María, o escritor que é homenaxeado na edición deste ano 2016 no día das Letras Galegas. A obra, que leva por título *Nola e María na Terra Cha!* terá dous pases, ás doce da mañá e ás cinco da tarde e narra a historia de Manuela (Nola) e María que son dúas viaxeiras incansables, levando a maleta cargada co que aprenderon doutras culturas. Deciden ir á terra onde todo é cantiga, a Terra Cha, cantada pola pluma de Manuel María. Ao chegar ao berce do poeta chairego, recíbenas as marabillas dos sentidos: o olor a trigo e centeo, o sabor suave do queixo, o son dos paxaros, a paisaxe que bambea nos ollos e as súas xentes. Deste xeito, non só se amosa o valor literario da palabra, senón tamén a

Buqueiras Novo, o Menciñeiro

Cartel promocional de Nola e María

importancia da paisaxe e o coidado da natureza, a través dos costumes e lendas populares. Unha mirada nova á cultura popular galega.

E completando os grupos de ambientación e animación de rúa, contaremos, como xa é habitual dende a primeira edición, coa participación do grupo Mariacastaña de Lugo, que cos seus garda civís e o cura que os acompaña serán os encargados de manter a orde e a moral dos participantes e visitantes á Romaría Etnográfica Raigame.

O grupo Mariacastaña nunha anterior edición da Romaría Etnográfica Raigame

Dende as once da mañá até o remate da festa ás sete da tarde, polas rúas e prazas de Vilanova haberá grupos galegos de música, canto e baile tradicionais chegados de moi diversos lugares da nosa xeografía. Tamén poderemos disfrutar da Coral De Ruada que ofrecerán un pequeno concerto na praza da Tralacerca antes de cantaren na igrexa ás 12.00.

Entre os artesáns tamén contamos con novidades, participando por primeira vez un albardeiro e un xoieiro, chegados de Maceda e Santiago respectivamente, así como unha costureira ambulante, que ao igual que facían antigamente, percorrerá a vila cunha pequena máquina de coser ofrecendo o seu traballo a domicilio. Os produtos gastronómicos tradicionais e naturais tamén amplian a súa oferta cun novo espazo na praza do Arrabaldo.

Os Xogos Populares do CCP Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense regresan ao lugar onde foran situados nas primeiras edicións, no campo da antiga escola, hoxe Centro Social e Bar Vilanova. Alí, pequenos e grandes poderán aprender e recordar xogos populares doutro tempo e hoxe apartados por novas formas de diversión. Aros, zancos, bolos, e outros moitos xogos estarán a disposición de todos os que até alí se acheguen.

Este espazo será compartido con outras actividades, como as que leva a cabo o Club da Raza "Can de Palleiro", e tamén será o escenario, durante toda a xornada, de actuacións de diferentes grupos de baile, música e canto. Ás seis e media da tarde, a Banda de Música de Vilanova ofrecerá un pequeno concerto, que dará paso ás actuacións dos grupos de música tradicional da Escola de Danza- Castro Floxo, De Pé Feito e Trepia como clausura da Romaría Raigame.

CLUB CAN DE PALLEIRO, RAZA AUTÓCTONA

O Club Can de Palleiro participa na Romaría Raigame por segunda vez, dando a coñecer o seu traballo en prol desta raza de can autóctona en perigo de extinción. O can de palleiro, que debe o seu nome ao hábito de durmiren nas palleiras, é un animal de tronco indoeuropeo, cunha altura media na cruz duns 60 cm. e dunha cor que pode ser marela, castaña, canela ou incluso negra. Ten unha gran intelixencia, con habilidades para a garda da casa e pastoreo, principalmente de vacas. Tamén posúe un carácter forte e reservado cos estranos, e é moi leal ao seu amo e doce e tranquilo coa xente da casa. Tamén destaca pola súa estabilidade psíquica e equilibrada e pola súa sociabilidade. Dada a súa polivalencia, comeza a utilizarse tamén como can de rastrexo, no coidado de persoas maiores ou como can guía.

Membros desta asociación realizarán unha serie de actividades con algúns exemplares deste can da nosa terra, actividades nas que se destacarán as súas cualidades de obediencia e a súa capacidade para a busca de persoas, e nas que o público asistente tamén poderá participar.

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA da ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

Con motivo da celebración da XV Romaría Etnográfica Raigame, organizada polo "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2016, convócase o XIV Concurso de Fotografía "Romaría Etnográfica Raigame", que estará regulado polas seguintes **BASES**

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.

2. Os temas abordados no concurso deberán recoller aspectos da xornada de celebración da Romaría Raigame que terá lugar o día 17 de maio de 2016 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense).

3. O concurso terá 2 modalidades nas que os concursantes poderán participar simultaneamente cun único traballo en cada unha delas:

a. Concurso **MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA**: Premiarase a mellor serie fotográfica composta por un mínimo de 3 fotografías e un máximo de 5, que deberán ter unha unidade temática e/ou narrativa referente a algún aspecto da Romaría Etnográfica Raigame a celebrar en Vilanova dos Infantes. A serie deberá ir acompañada dun título e un pequeno texto explicativo do traballo.

b. Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA**: Cada fotografía deberá levar un título identificativo e non se poderán presentar máis de 3 fotografías por autor. Premiarase unha única fotografía por autor.

As fotografías deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro e presentaranse impresas en papel fotográfico acompañadas dun CD cos documentos informáticos orixinais. O tamaño mínimo será de 18x24 cm. e o máximo de 30x40 cm. sen montar.

4. Premios:

a. Concurso **MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA**:
Un único premio de 500 euros.

b.Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA**:
Premio de 300 euros.
Premio de 250 euros.
Premio de 200 euros.

5. Segundo a normativa legal vixente, os premios que superan a contía de 300 euros estarán suxeitos á preceptiva retención fiscal.

6. O xurado será nomeado polos organizadores da XV Romaría Etnográfica Raigame e as súas decisións serán inapelables.

7. Os traballos deberán ser remitidos ao "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández", ou ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, facendo constar a modalidade na que participa. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: nome, dirección, teléfono e correo electrónico.

8. A data límite de presentación dos traballos será o día 31 de xullo de 2016.

9. Unha vez que o xurado falle os premios, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, podendo declarar deserto algún deles, así como conceder accesits especiais.

10. As fotografías premidas, xunto cunha selección feita polo xurado de entre todos os traballos presentados, configurarán a exposición "Estampas dunha romaría", dentro da programación do Outono Fotográfico, durante os meses de novembro e decembro do presente ano.

11. Os premios serán entregados coincidindo coa inauguración da exposición e os galardoados serán citados previamente a través dunha comunicación persoal.

12. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles (total ou parcialmente en publicacións, exposicións, carteleira, ou mediante calquera outro medio) nomeando a súa autoría.

13. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus propietarios nos dous meses posteriores ao 9 de Xaneiro de 2017, no "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial. Unha vez transcorrido ese tempo, os traballos pasarán ó arquivo da Organización, e poderán ser utilizados, nomeando a súa autoría, para promoción da Romaría Etnográfica Raigame.

14. A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.

"O home das fotos", de Manuel Blanco Guerra gañador do premio á mellor Serie Fotográfica no ano 2014, formada por 5 fotos

A fotografía "Paraugas", de Ángel Paz Gil, foi a gañadora do 1º premio na categoría de mellor fotografía 2014

Á esquerda, a fotografía de Ana Iglesias, "Zocos", gañadora do 2º premio, e abaixo o traballo de Isabel Janeiro, "Lembranzas", terceiro premio no concurso de 2014

PREMIO ADOLFO ENRÍQUEZ 2016: CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ, DO RIBEIRO A SANTIAGO

En Celanova, o sete de marzo de 2016 reuniuse o xurado constituído polas persoas que á marxe se expresan, para decidir o nome da persoa ou colectivo que será homenaxeado no transcurso da celebración da Romaría Etnográfica "Raigame" da presente edición, analizando diversas propostas internas achegadas por distintos compoñentes da organización do evento, entre persoas ou colectivos que se signifiquen por ter traballado no campo da promoción da Romaría Raigame ou de calquera actividade directa ou indirectamente relacionada con ela, así como cos valores etnográficos que esta Romaría pretende exaltar, resolvendo por unanimidade o seguinte:

Concederlle o Premio "Adolfo Enríquez" na edición de 2016 a **Clodio González Pérez** (Cenlle, Ourense, 1947) mestre, etnógrafo e historiador, que foi secretario da sección de Etnografía e folclore do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e é membro do Padroado do Museo do Pobo Galego e da Sección de Antropoloxía Cultural do Consello de Cultura Galega.

A súa relación con Raigame remóntase a 1997, cando publicou por primeira vez na Revista Raigame, converténdose dende entón en colaborador habitual con artigos sobre a festa dos maios, os apeiros agrícolas, Xaquín Lorenzo, e en numerosas ocasións sobre os homenaxeados no día das Letras Galegas. Sempre estivo disposto a participar nas diferentes propostas que se lle plantexaron, aportando o seu coñecemento e as súas ideas, e orientándonos para conseguir o recoñecento co que hoxe conta a Romaría Etnográfica Raigame. No ano 2013 participou na creación do Museo do Traxe de Sta. Cruz de Arrabaldo asesorando na musealización dos elementos que alí se espoñen, así como na elaboración dos textos explicativos.



Clodio González Pérez

Ten publicado numerosos traballos etnográficos, biografías de importantes persoeiros da cultura galega e colaboracións en xornais e revistas especializadas, así como a participación en congresos de etnografía e antropoloxía. Entre algunhas das súas obras podemos destacar *O refraneiro do mar*, 1988; *A festa dos maios, 1989; Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense, 1991; A coca e o mito do dragón, 1993; A producción tradicional do ferro en Galicia: As grandes ferrerías da provincia de Lugo, 1994; Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León), 1997; Os cruceiros, 2003; O Ribeiro: terra, auga e viño, 2003; Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas", 2003; Xosé María Álvarez Blázquez, 2007; Mar adiante: As xeiras dos Ultreias, 2008; As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro, 2008; A pesca da lamprea no río Tambre, 2010; Fermín Bouza Brey. Xuíz e Galeguista, 2011; O traxe tradicional galego, 2014; A festa dos maios de Marín, 2014; Piornedo. Unha comunidade de alta montaña dos Ancares, 2015.*

Tamén foi galardoado con numerosos premios entre os que destacamos o *Premio Nacional de Periodismos, Artes y Tradiciones Populares* do Ministerio de Cultura nos anos 1983, 1984, 1985 e 1986; o *Premio de Investigación* da Deputación de Pontevedra nos anos 1987 e 1992 polos seus libros *Unha aproximación histórico-antropolóxica ao ciclo de maio* e *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías de Lugo*; P*remio de Investigación* da Romaría Etnográfica Raigame 2008 polo traballo titulado *As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro; Premio "Lois Peña Novo", 2013,* pola súa traxectoria vital como investigador no campo da etnografía e da historia de Galicia.

Asinan a acta: Luís Ferro (presidente), Julio Fernández, Mariló Fernández, Antonio Piñeiro (vogais) e Xavier Álvarez (secretario).

Organizan:
DEPUTACIÓN OURENSE
CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO
CONCELLO DE CELANOVA
Colaboran:
Comunidade veciñad de Vilanova dos Infantes
Fundación Curros Enríquez
XUNTA DE GALICIA
//ABANCA